

Acordo de colaboración entre Augas de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a instalación de equipamento de Tecnoloxías da Información e a Comunicación no Centro de Proceso de Datos Integral para a prestación de servizo na modalidade IaaS, mediante tramitación anticipada de gasto.

Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Axencia), nomeado polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e foi creada mediante o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos. Este decreto regula tanto as súas competencias e funcións como as súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial, así como os principios que a orientarán na súa actuación.



A Axencia é unha axencia pública autonómica que ten como obxectivos básicos a “definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das tecnoloxías da información e a comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.”

Segundo.- De acordo co artigo 188 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais poden celebrar convenios con outras administracións públicas ou con persoas xurídicas de dereito público ou dereito privado pertencentes ao sector público, co fin de ordenar as relacións de carácter patrimonial entre estas nun determinado ámbito ou de realizar actuacións consideradas na presente lei en relación cos bens e dereitos dos seus respectivos patrimonios.

Terceiro.- Segundo o disposto no artigo 8 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, créase Augas de Galicia como ente público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e das competencias reguladas pola mesma lei. Augas de Galicia exerce as funcións indicadas no artigo 11 da mencionada lei.

Cuarto.- O Centro de Proceso de Datos Integral constitúe o corazón dixital de Galicia contribuíndo a mellorar a competitividade, reducir custos, acadar unha mellor eficiencia enerxética, unha maior flexibilidade, interoperabilidade e seguridade así como unha simplificación da xestión e unha homoxeneización da estratexia tecnolóxica da Xunta.

A situación do CPDI na Cidade da Cultura de Galicia responde á procura da optimización dos recursos públicos e reducir gasto, unificando nun so espazo os distintos locais nos que se situaba o equipamento de telecomunicacións e proceso de datos da Comunidade Autónoma de Galicia, mellorando a súa dotación e ampliando os usos e a explotación do complexo da Cidade da Cultura de Galicia sumando os usos tecnolóxicos aos propiamente artísticos e culturais.

Quinto.- Que a Axencia e Augas de Galicia asinaron o 29 de agosto de 2016 a Resolución pola que se regula a migración de equipamiento tic das entidades públicas (servizos) ao centro de proceso de datos integral (CPDI)

O 22 de outubro de 2021 asinouse o Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Augas de Galicia para a instalación de equipamento TIC no centro de proceso de datos integral (CPDI) e prestación de



servizo na modalidade de IaaS. A vixencia deste convenio remata o vindeiro día 31/12/2024.

Tendo en conta o anterior, as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade subscriben o presente acordo que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente acordo ten por obxecto establecer as condicións da instalación dos sistemas informáticos e tratamento de datos (equipamento das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) propiedade de Augas de Galicia no centro de proceso de datos Integral da Xunta de Galicia (CPDI). Concretamente consiste en aloxar no CPDI o sistema informático de Augas de Galicia na modalidade de "housing". Estes sistemas TIC ocupan un total de 2 armarios tipo rack para aloxar os seus servidores. No referente á protección de datos, o contido que se aloxará nestas unidades contén categorías especiais de datos.

Así mesmo, este acordo ten por obxecto a regulación da prestación dun modelo de Cloud Privada. En concreto, este servizo consiste na posta a disposición de Augas de Galicia de recursos de procesamento e almacenamento a través da rede en modalidade IaaS (infraestrutura como servizo), consonte ás especificacións que se inclúen na cláusula segunda do presente acordo.

Segunda.- Compromisos

2.1. Compromisos de Augas de Galicia

2.1.1. Prestación de servizos en modalidade de "housing"

Augas de Galicia colaborará e facilitará a instalación do seu equipamento TIC no CPDI, de conformidade co calendario establecido pola Axencia. Os órganos competentes en cada caso ditarán as instrucións que resulten precisas para tal fin.

As variacións no uso dos servizos comunicaranse á Axencia no momento no que se precisen.

Augas de Galicia compensará á Amtega polos gastos que xere a prestación destes servizos.



2.1.2. Prestación de servizos en modalidade de "cloud privada"

No referido á prestación de servizos en modalidade Cloud Privada, Augas de Galicia asumirá os seguintes compromisos:

- A tramitación dos procedementos corporativos necesarios e a actualización da documentación do proxecto cando haxa cambios respecto á documentación enviada na fase de arranque.
- A xestión e mantemento dos servidores despregados na contorna de Cloud Privada, incluíndo todas as tarefas de actualización, configuración e parametrización do sistema operativo así como de todos os compoñentes de software despregados nel.
- Velar polo correcto seguimento do ciclo de vida do entorno. Antes de realizarse en produción, os cambios e despregamentos deberán realizarse en contornos non produtivos despregados no modelo IaaS.
- A xestión da seguridade do contorno, aplicando todas as medidas proactivas e reactivas que sexan necesarias para garantir a dita seguridade.
- O control de usuarios. Deberanse establecer as medidas de control necesarias para o acceso dos usuarios aos servidores e aplicacións, establecendo procedementos de rexistro/supresión/modificación de usuarios co rexistro das ditas solicitudes, e mantendo o rexistro de accesos con revisións periódicas dos devanditos accesos.
- A realización de copias de seguridade, a súa verificación e dispoñer de procedementos para a restauración dos datos.
- A monitoraxe dos servizos e compoñentes software.
- A ofrecer o primeiro nivel de soporte na contorna e nos servidores despregados: o CAU non debe escalar directamente as incidencias á área de infraestruturas nestas contornas.
- A comunicar á Axencia calquera incidencia acontecida con relación aos servizos obxecto do presente acordo.
- A garantir o cumprimento e a adopción das medidas relativas á seguridade dos datos de carácter persoal, de conformidade coa normativa vixente na materia.
- As comunicar as variacións no uso dos servizos que se precisen
- A compensar á Amtega polos gastos que xere a prestación destes servizos



2.1.3. Compensación de custos

Augas de Galicia compensará á Axencia os gastos xerados polas actividades que asume en virtude deste acordo, mediante o pagamento das cantidades que corresponda en función do volume ocupado e do uso dos servizos proporcionados pola Axencia.

O importe máximo anual dos servizos que faga uso Augas de Galicia será de 40.000,00 €. Augas de Galicia realizará o gasto con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento, e o gasto imputarase á conta 6216 "Arrendamentos. Equipos para procesos de información" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

- 2025: 40.000,00 €
- 2026: 40.000,00 €
- 2027: 40.000,00 €
- 2028: 40.000,00 €

Por acordo do Consello da Xunta do 17.10.2024, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2025.

No caso de realizarse unha prórroga deste acordo, o seu importe poderá incrementarse en función das tarifas que se establezan no momento da dita prórroga. Neste suposto de superación da cifra inicial será necesaria a sinatura dunha addenda que recolla estas necesidades.

Para os efectos do disposto nos parágrafos anteriores, dentro dos primeiros 15 días do mes de decembro de cada ano a Axencia achegará a Augas de Galicia unha certificación dos servizos prestados durante a dita anualidade.

2.2. Compromisos da Axencia



2.2.1. Prestación de servizos en modalidade de "housing"

A Axencia establecerá as tarifas pola prestación de servizos en modalidade de "housing" e as comunicará a Augas de Galicia con antelación suficiente. Estas tarifas poderán variar anualmente. Sen prexuízo da limitación máxima anual de 40.000 €, as tarifas establecidas inicialmente son as seguintes:

- Servizo de aloxamento (housing) do equipamento en 2 armarios tipo rack: 552 €/mes por armario.
- Servizos de operación *in situ* con dispoñibilidade dun operador con dedicación dunha hora semanal: 23,50 € por hora de persoal operador.
- Aloxamento en armario ignífugo das cintas de backup: 0,95 €/ano por cada cinta.

O volume do espazo de aloxamento do equipamento, do aloxamento en armarios ignífugos e da cantidade de horas de servizos de operación *in situ*, revisarase semestralmente en función das necesidades de Augas de Galicia, recalculándose o importe semestral en función das tarifas correspondentes, sendo de aplicación o importe correspondente a partir do seguinte fito de facturación semestral, non procederá, polo tanto, realizar regularizacións retroactivas.

As cintas de backup serán aprovisionadas por Augas de Galicia ata un número de 48 unidades, sendo tan só competencia da Axencia o seu aloxamento en armario ignífugo.

2.2.2. Prestación de servizos en modalidade "cloud privada".

- Realizar as revisións necesarias para verificar o cumprimento da política de seguridade.
- Garantir a protección das comunicacións e protección dos servizos.
- Xestionar o control de acceso por fornecedor.
- Realizar tarefas de monitoraxe.
- Realizar copias de seguridade.

O servizos de administración da "cloud privada" pola Axencia dentro deste acordo terán un custo testimonial sendo dificilmente cuantificables de forma taxativa posto que se inclúen dentro das labores de administración e mantemento de toda a infraestrutura da Axencia, sen ter unha dedicación en exclusiva e, polo tanto, cuantificable. Deste xeito a estimación será dun máximo dunha hora semanal de persoal administrador (cun máximo de 1.716,00 €/ano).



Augas de Galicia coñece e garantirá o cumprimento do modelo de “cloud privada” da Axencia respectando as responsabilidades no referente ao uso deste servizo e os procedementos asociados.

3. Duración

Este acordo entrará en vigor o día 01/01/2025 ou, non caso de asinarse con posterioridade a esta data, na da súa sinatura; a súa vixencia manterase ata o 31/12/2028, podendo prorrogarse por un período máximo igual ao da súa duración inicial mediante a subscrición da correspondente addenda.

4. Modificación do acordo

Deberá modificarse o presente acordo se o importe da compensación dos custos xerados á Axencia polos servizos dos que faga uso Augas de Galicia superase o máximo establecido na cláusula 2.1.3 deste acordo ou houbera novas prestacións por parte da Axencia das que Augas de Galicia quixera facer uso. De acordo co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o acordo tamén poderá modificarse para lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións poderán ter por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

5. Relacións laborais

A subscrición do presente acordo non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal de Augas de Galicia e a Axencia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento do mesmo.

6. Comisión de seguimento e control das actuacións

Para o debido seguimento do acordo, incluída a súa posible revisión, modificación, adecuación ou actualización, constituirase unha comisión de seguimento coa composición que se indica.

Por parte da Axencia formarán parte da comisión de seguimento: a persoa titular da Dirección da Área de Infraestruturas e Seguridade, que poderá designara a quen o substitúa; e un/unha funcionario/a designado/a pola Axencia, que actuará como secretario/a con voz e voto.

Por parte de Augas de Galicia formarán parte da comisión de seguimento dous representantes designados por Augas de Galicia de entre os seus membros.



Considerarase validamente constituída a comisión cando concorran un representante de cada unha das partes asinantes, sendo presidida pola persoa titular da Dirección da Área de Infraestruturas e Seguridade, ou persoa que a substitúa.

A comisión reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e en todas as ocasións que se estimen oportunas a instancia de calquera das partes asinantes.

A comisión adoptará os seus acordos por maioría de votos emitidos, ostentando quen a presida voto dirimente para o caso de empate.

A comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste acordo, promovendo, se se considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

7. Protección de datos persoais.

7.1. Tratamento de datos persoais e deber de confidencialidade

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento do presente convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que as partes asinantes deste convenio e a entidade pública empresarial Augas de Galicia ostentan a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, supresión, así como exercitar outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPD) a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacionxeral-proteccion-datos>.



Así mesmo, as anteditas entidades garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados para a execución dos seus compromisos.

7.2. Condición de encargado do tratamento da Axencia

A Axencia, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación de servizos obxecto do presente acordo, terá a consideración de encargado do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do RXPD e no artigo 33 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais polo que deberá dar cumprimento ás obrigas de conformidade co disposto na normativa de protección de datos.

8. Publicidade

Este acordo será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

9. Causas de resolución

As causas de resolución deste acordo serán as seguintes:

- a) O mutuo acordo expreso das partes.
- b) O vencemento do seu prazo de vixencia.
- c) Incumprimento comprobado dos prazos e das demais obrigas asumidas polas partes. Neste caso, calquera das partes poderá facer a outra un requirimento para que, nun determinado prazo, dea cumprimento as obrigas e compromisos asumidos.

Se finalizado o prazo anterior a parte requirida persistise no seu incumprimento, a parte que fixo o requirimento notificaralle a concorrencia dunha causa de resolución e entenderase automaticamente resolto o acordo, debendo indemnizar a parte incumpridora polos danos e prexuízos causados. A indemnización determinarase atendendo ao dano efectivamente producido, que deberá ser debidamente xustificado por calquera medio de proba admitido en dereito.

- d) A sinatura dun novo acordo para substituír o actual.



- e) Outras causas establecidas na normativa vixente que puidesen resultar de aplicación.

10. Réxime xurídico

O presente acordo ten natureza administrativa.

En especial, o acordo queda suxeito ao Capítulo VI, do Título Preliminar, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente acordo deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da comisión de seguimento prevista no presente acordo.

As discrepancias que poidan xurdir e que non poidan ser resoltas no seo da Comisión de Seguimento resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste acordo, as partes asinan electronicamente este documento.

Ángeles Vázquez Mejuto, presidenta de Augas de Galicia

Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

